

# Proxecto POCTEP ES-FACTORY

Rede de aceleradoras de economía social  
para impulsar e consolidar empresas en novas  
economías emerxentes

## ES-FACTORY ESPAZOCOOP - IMPULSA Aceleradora de proxectos de economía social Bases da convocatoria pública



# Contido

<b>1</b>	<b>O proxecto ES-FACTORY</b> .....	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>Aceleradora de proxectos de economía social: “ES-FACTORY ESPAZOCOOP – IMPULSA ECONOMÍA SOCIAL”</b> .....	<b>5</b>
<b>3</b>	<b>Bases de participación en ES-FACTORY ESPAZOCOOP-IMPULSA</b> .....	<b>7</b>
	Información xeral.....	7
	Criterios de elixibilidade.....	7
	Requisitos e compromisos dos proxectos participantes.....	7
	Incompatibilidades.....	8
	Tratamento de información e protección de datos.....	9
	Comunicacións.....	9
	Reclamacións.....	9
<b>4</b>	<b>Convocatoria</b> .....	<b>10</b>
	Inscripción.....	10
	Contido da candidatura en liña.....	10
	Valoración de candidaturas.....	10
	Selección de participantes.....	11
	Duración do programa.....	12
	Localización.....	12
<b>5</b>	<b>Como funciona ESPAZOCOOP-IMPULSA</b> .....	<b>13</b>
<b>6</b>	<b>Anexos</b> .....	<b>18</b>
	Anexo i. Entidades da economía social de Galicia e Portugal.....	18
	Anexo ii. Economías/sectores emerxentes.....	19

## 1 O proxecto ES-FACTORY

O proxecto europeo POCTEP de cooperación transfronteiriza denominado ES-FACTORY - Rede de economía social para impulsar e consolidar empresas en novas economías emerxentes, ten como fin principal o impulso e consolidación do emprego de calidade en novas actividades emerxentes do territorio transfronteirizo que se vaian desenvolver a través da economía social.

Como obxectivos xerais, este proxecto pretende:

- **Detectar novas oportunidades e liñas de negocio en actividades emerxentes** de Galicia e o Norte de Portugal que fomenten a retención e atracción de talento emprendedor.
- **Impulsar a profesionalización** do ecosistema emprendedor e potenciar, atraer e reter talento no territorio transfronteirizo.
- **Crear unha Rede de Aceleradoras de Economía Social Transfronteiriza**, a través da que se desenvolvan accións formativas, para incrementar as capacidades e habilidades das persoas da área de cooperación, programas de asesoramento e acompañamento, espazos de encontro, de investimento e nos que conectar a oferta coa demanda para dar a posibilidade de coñecer a opinión dos potenciais clientes sobre os produtos/servizos das persoas emprendedoras.
- **Identificar e promocionar o peso da economía social** a través do Observatorio da Economía Social de Galicia e o norte de Portugal.

**ES-FACTORY é proxecto cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea, no marco do Programa de Cooperación INTERREG VI-A ESPAÑA – PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.**

### SOCIAS DO PROXECTO

---

A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores, e que ten como obxectivo: agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

**EspazoCoop** é un referente no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

O proxecto ES-FACTORY conta coa colaboración de entidades destacadas en Galicia e o Norte de Portugal, que xogan un papel cruce na promoción da economía social e a xeración de emprego de calidade. En concreto, está liderado pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia

EspazoCoop participa como entidade socia no proxecto de cooperación interrexional “**ES-FACTORY**”, un proxecto liderado pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, e cuxo consorcio está composto ademais por:

- Universidade de Santiago de Compostela – USC
- Asociación Galega de Cooperativas Agrarias – AGACA
- Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro – UTAD.
- Associação Centro Incubação Base Tecnológica do Minho – ACIBTM
- Associação Universidade-Empresa para o Desenvolvimento – TecMinho
- Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais De Galicia – AESGAL (socio sen financiamento)



## 2 Aceleradora de proxectos de economía social: “ES-FACTORY ESPAZOCOOP – IMPULSA ECONOMÍA SOCIAL”

**ESPAZOCOOP-IMPULSA** é unha aceleradora de economía social (ES en adiante) para o fomento do ecosistema emprendedor, que se estrutura nun programa intensivo de 5 meses, e que combina, co acompañamento dun equipo especializado, un conxunto de accións de formación, titorización, mentorización e orientación no acceso a financiamento externo.

Entre os obxectivos específicos pódense citar os seguintes:

- **A detección de ideas empresariais e/ou novas liñas de negocio** enmarcadas nas distintas economías emerxentes (verde, azul, laranxa, amarela e prateada).
- **Fortalecer as capacidades emprendedoras:** proporcionar ás persoas emprendedoras as ferramentas necesarias para desenvolver e xestionar proxectos na ES.
- **Promover a innovación social:** fomentar a creatividade e a innovación na creación de proxectos na ES, buscando solucións para os desafíos sociais actuais.
- Mostrar de xeito práctico e achegado á realidade as **condicións e pasos a dar para emprender no ámbito da ES**, achegando recursos e apoio.
- **Crear un proxecto viable** no marco da economía.
- **Identificar sinerxías** de proxectos e fomentar o traballo colaborativo en rede.

### Unha aceleradora especializada en economía social

**ESPAZOCOOP-IMPULSA** adapta o seu modelo de aceleración ás particularidades das entidades de ES, que buscan os beneficios económicos, sociais e ambientais no desenvolvemento de actividades empresariais. Entre as súas claves, destacan:

- As persoas e a sociedades son o foco central na súa actividade
- O equipo humano é a esencia do modelo de negocio
- O financiamento débese enfocar en cada unha das fases do seu ciclo de vida
- O impacto positivo e social no conxunto da economía e a sociedade
- Son proxectos enfocados de forma local pero tamén con pensamento global
- Teñen unha clara visión orientada á creación e participación en redes de cooperación

Para iso, **ESPAZOCOOP-IMPULSA**, propón o desenvolvemento e o crecemento de proxectos e empresas de recente creación **nas seguintes fases:**

- Acompañamento na definición do modelo de negocio
- Apoio e mentoring en sesións individuais e colectivas
- Desenvolvemento do proxecto empresarial
- Acompañamento na estratexia de busca de financiamento
- Fortalecemento da xestión: formación en ES, estratexias de visibilidade, proxección exterior ou ampliación de mercados, entre outros
- Acceso a redes de cooperación

Así mismo, a Aceleradora enfocase en tres niveis específicos (persoas, equipo e proxecto), nos que as persoas son o centro de todo proxecto de ES. En concreto:

- **Relacionado coas PERSOAS, preténdese:**
  - o Formar persoas líderes e emprendedoras, dotándoas de coñecementos, competencias e habilidades para dirixir un negocio de ES
  - o Fomentar as capacidades de reflexión da persoa emprendedora en diferentes ámbitos, que lle permitan definir modelos de negocio viables e sostibles
  
- **No que respecta ao EQUIPO:**
  - o Medir o grao de complementariedade e o carácter multidisciplinar
  - o Avaliar o grao de compromiso e dedicación do equipo e fomentar as súas capacidades
  - o Identificar áreas de mellora no equipo de traballo
  
- **No relativo ao PROXECTO:**
  - o Valorar os proxecto en termos de innovación, potencial de aceleración e sostibilidade
  - o Favorecer o proceso de creación e maduración mediante unha formación práctica, tutorización personalizada e mentorización adaptada á fase na que se encontre
  - o Aumentar as garantías de éxito

### Unha aceleradora multisectorial e transfronteiriza

**ESPAZOCOOP-IMPULSA** ten un claro **carácter multisectorial**.-

- Favorece un ecosistema de emprendemento e consolidación en ES
- Facilitar a creación de redes de cooperación entre proxectos de diversas actividades
- Permite compartir experiencias en diferentes procesos que afectan á creación e á consolidación de modelos de negocio
- Comparte recursos e procedementos que poden ser adaptables a diferentes modelos de negocio de distintos sectores
- Debido á condición transfronteiriza da aceleradora e o carácter multisectorial facilitará o intercambio de coñecementos e a creación de alianzas entre países, sectores e empresas
- Axuda a identificar ideas innovadoras que poden ser replicadas noutros sectores

**ESPAZOCOOP-IMPULSA** configúrase como unha **aceleradora internacional** con proxectos de ES procedentes de Galicia–Norte de Portugal.-

- Posibilidade de intercambio de experiencias entre persoas emprendedoras
- Exposición á evolución do emprendemento e a consolidación noutros países
- Ideas de innovación facilmente reproducibles
- Facilitade para as alianzas entre países, sectores e empresas

**ESPAZOCOOP-IMPULSA** pertence a unha **rede de cinco aceleradoras no espazo**

**transfronteirizo**, favorecendo as relacións, a colaboración e o traballo en rede en Galicia e o Norte de Portugal.

### 3 Bases de participación en ES-FACTORY ESPAZOCOOP-IMPULSA

#### *Información xeral*

---

Estas bases teñen como obxecto establecer as normas de participación na aceleradora de proxectos de economía social **ESPAZOCOOP-IMPULSA** que **convoca a Unión de Cooperativas EspazoCoop**, no marco do proxecto ES-FACTORY. A participación no programa rexeráse polas condicións que se especifican a continuación, e que inclúen os criterios de elixibilidade para participar, os criterios de selección para designar as persoas participantes, o contido das propostas e outras condicións.

**Duración do programa:** A aceleradora terá unha duración aproximada de **5 meses**.

**Localización:** Terá a súa sede permanente nas oficinas de Santiago, Vigo e A Coruña de EspazoCoop (máis información neste enlace).

#### *Criterios de elixibilidade das persoas destinatarias*

---

O programa está aberto a **catro grandes grupos de destinatarias** (persoas ou empresas), na Eurorexión Galicia–Norte de Portugal, que queiran desenvolver un proxecto empresarial de ES:

- Persoas emprendedoras interesadas en crear e impulsar os seus proxectos empresariais de ES
- Proxectos de ES promovidos por empresas xa creadas e en fase de consolidación, que queiran acelerar os seus proxectos ou alcanzar un salto de escala, deseñando novos produtos, liñas de negocio, ou procesos de xestión
- Cooperativas e empresas baixo outras fórmulas xurídicas da ES
- Outras empresas do territorio constituídas baixo outras fórmulas xurídicas que queiran transformarse en empresas de ES

Para os efectos destas bases considerarase entidades de ES as reguladas polas diferentes leis de ES de cada territorio (ver anexo I).

#### *Requisitos e compromisos das persoas participantes*

---

**Os requisitos mínimos de acceso** ao programa serán os seguintes:

- Todas as persoas do equipo promotor deberán ser maiores de idade
- A empresa ou o proxecto participante deberá asignar, polo menos, unha persoa como representante permanente ao longo de todas as fases do programa de aceleración. Posteriormente poderán participar unha ou varias persoas adicionais que poderán variar en función do tipo de actividades e segundo as necesidades do proxecto

- Todas as empresas ou proxectos solicitantes poderán estar legalmente constituídas no momento de tramitar a solicitude de participación ou ser proxectos de persoas emprendedoras cunha idea de negocio (sen estar legalmente constituídas) que poida reverter na constitución dunha entidade de ES ao longo do programa de aceleración
- A aceleradora é compatible con outros programas de aceleración. Non obstante, a persoa representante permanente do proxecto ao longo de todas as fases do programa de aceleración non poderá participar simultaneamente representando o proxecto noutros programas de similares características. Neste sentido, os proxectos participantes deberán asignar unha nova persoa diferente á que teñen asignada noutros programas

**Os compromisos xerais** aos que se adhiren as persoas participantes serán os seguintes:

- Aceptar e cumprir as bases do programa, a través dun documento de compromiso
- Garantir que a información facilitada para a súa admisión e as posteriores fases é fidedigna, a través dunha declaración responsable
- Participar de forma activa en todas as actividades do programa, polo menos, por parte da persoa que represente de maneira permanente o proxecto en **ES-FACTORY ESPAZOCOOP-IMPULSA**: asistir ó evento de lanzamento, participar activamente da formación, asistir ás mentorías, etc. Na formación, no caso das cooperativas, terán que participar polo menos dúas persoas.
- Colaborar nas diferentes actividades de promoción da aceleradora.
- Notificar, no seu caso, os cambios significativos como, por exemplo, a composición do equipo promotor, a entrada de novas persoas socias no capital social, a denominación, as marcas e os logos, así como calquera outra información substancial do proxecto durante a vixencia do programa
- Manter actualizada a información do proxecto e das persoas membro do equipo promotor que figure no formulario de inscrición durante a vixencia do programa
- Garantir a entrega de toda información adicional que se lles poida requirir ao longo da vixencia do programa de aceleración.
- Comprometerse a cumprir o establecido no apartado de tratamento de información e protección de datos persoais.
- En caso de constatare durante o desenvolvemento do programa que os proxectos participantes non cumpran os compromisos asinados, EspazoCoop resérvase o dereito a exixir o cumprimento destes e, de non ser así, procederase á exclusión do proxecto do programa **ESPAZOCOOP-IMPULSA**.

## ***Incompatibilidades***

---

Non poderán presentar candidaturas proxectos que estean vinculados aos membros do Comité Técnico do Programa **ESPAZOCOOP-IMPULSA**, ou ao persoal asociado ás entidades colaboradoras no deseño e/ou a execución do programa nesta edición.



## Tratamento de información e protección de datos

As empresas ou grupos promotores participantes consenten a utilización dos datos básicos do seu proxecto presentado durante os procesos de avaliación recollidos nestas bases.

Así mesmo, a aceptación destas bases autoriza á EspazoCoop á utilización do logotipo, nome da empresa ou calquera outro tipo de soporte audiovisual desenvolvido ou gravado no transcurso do programa, en todas as actividades de difusión e comunicación que consideren oportunas, con independencia do medio ou formato utilizado.

En cumprimento do establecido no Regulamento da Unión Europea 2016/679, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos de carácter persoal facilitados polas persoas participantes serán tratados na súa condición de responsable de EspazoCoop, coa finalidade de avaliar e valorar as candidaturas presentadas, de xestionar a participación no programa e de difundilo e facer promoción pública del. Non se recollerá, utilizará ou revelará información persoal para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente, a non ser que as persoas participantes dean o seu consentimento ou haxa algunha obriga legal.

As persoas participantes dan, por tanto, o seu consentimento para que tanto as imaxes gravadas no transcurso do programa, así como os seus datos persoais, se fagan públicos a través dos medios que se consideren convenientes. Así mesmo, comprométense a dispoñer previamente das autorizacións necesarias segundo a lei no caso de que faciliten datos de terceiras persoas e a exonerar a EspazoCoop de toda responsabilidade en caso de reclamación por parte dun terceiro.

As persoas participantes poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, a través de notificación electrónica a EspazoCoop [info@espazo.coop](mailto:info@espazo.coop). A cancelación dos datos ou a oposición ás citadas cesións entenderase como unha renuncia á participación no programa **ESPAZOCOOP-IMPULSA ECONOMÍA SOCIAL**.

## Comunicacións

Toda a información de acceso público relativa ao desenvolvemento do programa, incluída a relación dos proxectos seleccionados, publicarase na web **en [www.espazo.coop](http://www.espazo.coop)**. Calquera outra notificación de tipo individual será comunicada a través do correo electrónico ou número de teléfono co que se efectuou a inscrición no programa, ou naquel que con posterioridade sexa facilitado polo representante permanente da empresa para a devandita finalidade.

## Reclamacións

Toda controversia derivada da interpretación ou execución deste documento será resolta directamente polas partes, para cuxo efecto estas se comprometen a realizar, de boa fe, os seus maiores esforzos para a solución consensuada das súas controversias.

## 4 Convocatoria

### Inscripción

---

A solicitude de participación farase de maneira exclusiva a través do formulario de candidatura dispoñible na web [www.espazo.coop](http://www.espazo.coop), **a través do seguinte enlace: [aquí](#)**

O **prazo** para a inscrición será de 30 días a contar dende o día posterior á publicación da convocatoria a través da web de EspazoCoop.

O formulario estará dispoñible durante a totalidade do prazo de inscrición e só se aceptarán os formularios de candidatura recibidos dentro do devandito prazo. Enviárase un correo electrónico de confirmación a todas as candidaturas que se presentase correctamente en prazo e forma.

En caso de dúbidas sobre o proceso, as persoas interesadas poderán poñerse en contacto con EspazoCoop, **no teléfono (+34) 981 575 578, ou no correo electrónico [info@espazo.coop](mailto:info@espazo.coop)**

### Contido da candidatura en liña

---

A candidatura deberá presentarse a través do formulario habilitado indicado no apartado anterior, **adxuntando** ó mesmo **unha memoria co seguinte alcance**:

1. Datos da persoa de contacto (teléfono e enderezo de correo electrónico)
2. Persoa/s que participará/n na aceleradora, explicando brevemente a formación e experiencia de cada persoa participante
3. Enderezo web do proxecto, de ser o caso
4. Enderezo do perfil de redes sociais, de ser o caso
5. Razón social da empresa e CIF, de estar constituída
6. Memoria de candidatura que se deberá anexar (máximo 10 páxinas):
  - a. Título do proxecto (máximo 20 caracteres)
  - b. Sector/actividade
  - c. Resumo do proxecto (máximo 2000 caracteres)
    - i. En que consiste (definir o produto/servizo)
    - ii. Quen é a potencial clientela
    - iii. Que o fai diferente
    - iv. Quen é a competencia
    - v. Estado do proxecto (fase de idea, existe un produto/servizo definido, lanzouse ao mercado e foi validado con clientela, ...)
    - vi. Motivacións das persoas promotoras para constituír un proxecto de economía social

### Valoración de candidaturas

---

Tras a finalización do prazo de recepción de solicitudes, levarase a cabo un proceso de revisión documental das candidaturas e solicitude de correccións, se procede.

Finalizado este proceso **seleccionaranse un mínimo de 6 proxectos**, que deberán respectar os criterios de elixibilidade propostos nas bases. Seleccionaranse ademais outros 2 proxectos que quedarán en listaxe de reserva.

Os criterios que se terán en conta á hora de avaliar as candidaturas serán os seguintes:

- Darase preferencia aos proxectos **participantes nas Call/s de ES-Factory** desenvolvidas no 2024
- **Sector de actividade** do proxecto, dando preferencia aos proxectos vinculados a sectores emerxentes (ver anexo II)
- **Capacidade de aceleración**, entendida como a capacidade para executar o proxecto e desenvolve-lo nun prazo inferior a seis meses
- **Grao de innovación e valor** do proxecto presentado
- **Grao de relevancia**, entendida como a candidatura dun proxecto nun sector de actividade estratéxico para o desenvolvemento de Galicia-Norte de Portugal e que contribúa á dinamización da economía social da Eurorexión e á creación de emprego
- **Valores sociais** que integra o proxecto e o seu impacto na comunidade
- **Grao de fortaleza do equipo promotor**, entendido como a capacidade do equipo humano para acometer a execución do proxecto
  - o Traballo en equipo
  - o Liderado
  - o Comunicación
  - o Capacidade de negociación e mediación
  - o Creatividade

As candidaturas serán avaliadas por un comité técnico do programa, composto por persoal de EspazoCoop.

### ***Selección de participantes***

---

O número máximo de proxectos admitidos será de 6. Publicarase a listaxe dos proxectos admitidos por orde alfabética segundo o título do proxecto indicado no formulario de candidatura. Notificarase do mesmo xeito ós 2 proxectos que resulten para a listaxe de reserva. A información destes manexarase de forma confidencial para non prexudicar os seus intereses.

Os proxectos que non resulten seleccionados recibirán información sobre as razóns polas que non foron elixidos e sobre outras accións do proxecto ES-FACTORY e dos programas propios de EspazoCoop que se poidan adaptar ás súas características. A participación nesta convocatoria implica o consentimento tácito a que os datos recibidos por EspazoCoop poidan ser cedidos ás entidades socias do proxecto, para recibir información sobre as outras 4 convocatorias que se desenvolverán ó longo de 2025 e 2026, e darlles así ós proxectos presentados alternativas para participar da aceleradora.

## *Duración do programa*

---

A aceleradora **ESPAZOCOOP-IMPULSA ECONOMÍA SOCIAL** terá unha duración máxima de 5 meses, podendo prorrogar un mes no caso de que causas de forza maior non permitan ás participantes a realización completa do programa.

## *Localización*

---

A aceleradora terá a súa sede permanente, nas oficinas de EspazoCoop, de Vigo, Santiago e A Coruña (máis información neste enlace).

## 5 Como funciona ESPAZOCOOP-IMPULSA

**ESPAZOCOOP-IMPULSA** é unha aceleradora de proxectos de ES orientada a reducir os tempos de posta en marcha destes, e a dotalos das competencias que favorezan o seu salto de escala e a súa consolidación, o que garante a súa viabilidade e minimiza os riscos inherentes aos devanditos procesos.

Para iso, deseñamos un conxunto de actividades clasificadas en diferentes fases, orientadas a que os proxectos de ES melloren a súa competitividade:






**Fase 1: Formación**



**Fase 2: Estratexía**



**Fase 3: Aceleración**

 <p><b>FASE 1</b> Formación</p>	<p><b>Academia de emprendemento de economía social</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Programa de formación grupal e individual en modalidade de teleformación</li> </ul>
 <p><b>FASE 2</b> Estratexía</p>	<p><b>Deseño de programa específico de definición estratéxica</b> para cada proxecto en función das súas necesidades</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Análise de necesidades</li> <li>Deseño do plan de acción</li> <li>Programa cronolóxico</li> </ul>
 <p><b>FASE 3</b> Aceleración</p>	<p><b>Servizos para a mellora de competencias</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Servizos de información e vixilancia competitiva para un salto de escala dos proxectos</li> <li>Sesións de <i>mentoring</i> – titorización</li> <li>Servizos adicionais de acompañamento especializado</li> <li>Orientación para o acceso a financiamento, axudas e subvencións</li> </ul>

As fases de formación, estratexia e aceleración consistirán na articulación de diferentes actividades enfocadas a potenciar proxectos empresariais de economía social altamente innovadores e adaptables á nova tipoloxía de mercado. Neste sentido os proxectos de ES e os seus modelos de negocio deben enriquecerse e evolucionar segundo avancen as distintas etapas da aceleradora, como elemento fundamental do proceso de aceleración.

## Fase de Formación



### FORMACIÓN

#### 25 horas de teleformación

---

Definiuse un programa de teleformación sobre os aspectos clave no desenvolvemento e a validación dunha empresa, orientándoos de maneira específica e dotándoos do valor propio da ES. As persoas emprendedoras no ámbito da ES presentan en moitas ocasións un descoñecemento dos aspectos críticos. O emprendemento na ES require coñecementos específicos sobre gobernanza participativa, financiamento ético, xestión de impacto social e outros similares. Sen estes coñecementos, os proxectos emprendedores da ES poden fracasar ou non alcanzar todo o seu potencial.

O programa formativo tratará os seguintes temas:

- Economía social: Conceptos básicos, principios e valores
- Como emprender en ES: características das empresas da ES, trámites, constitución, etc.
- Financiamento ético e sostibilidade: Alternativas, axudas e apoios ao emprendemento, xestión económico-financeira
- Habilidades e competencias en: comunicación, traballo en equipo, liderado
- Comunicación externa e comercial: Estratexias para dar visibilidade aos proxectos sociais
- Proxección exterior: internacionalización, ampliación de mercados

---

## Fase de estratexia e aceleración

A aceleradora iniciarase co **deseño dun programa específico adaptado aos proxectos e articulado polo mentor ou mentora** que se asigne a cada proxecto, e que se defina en función das súas necesidades.

Este programa específico contará con accións de formación individuais e grupais, tanto presenciais como en liña, e sesións de titorización e/ou mentorización individualizadas para cada proxecto.

## ESTRATEGIA E ACELERACIÓN



### SESIÓNS DE PREACELERACIÓN

Para o deseño da estratexia de aceleración



### MENTORING – TITORIZACIÓN

Un equipo de mentores/as especialistas por proxecto que acompañarán durante toda a fase de aceleración



### APOIO A VÍAS DE FINANCIAMENTO

Identificación de fontes de financiamento, axudas e subvencións

A metodoloxía de **ESPAZOCOOP - IMPULSA ECONOMÍA SOCIAL** combina formación (25 horas), titorización e mentorización nas seguintes accións, que terán unha duración no seu conxunto dun mínimo de 40 horas.

#### **SESIÓNS DE PREACELERACIÓN:**

Nestas sesións, antes de traballar directamente coas especificidades propias dos proxectos da aceleradora, introdúcese ás persoas promotoras nas metodoloxías que se utilizarán para que se familiaricen con conceptos, fins perseguidos e claves que garantan o éxito dos proxectos de ES, entre outros factores.

Estas sesións terán un enfoque de deseño e posta a punto, ademais de xerar unha folla de ruta, que marque a estratexia da aceleración propiamente.

#### **SESIÓNS DE ACELERACIÓN:**

Estruturadas nun programa de sesións sobre os aspectos clave no desenvolvemento e a validación dunha empresa de ES, orientándoos de maneira específica ao mercado obxectivo, e dotándoos de valor fronte á competencia. Esta actividade está enfocada a:

**Análise de necesidades ,  
a través de ferramentas  
de diagnose ,  
metodoloxías *desing  
thinking* e *Lean Startup*  
da economía social**

**Xestión de Equipo e  
Habilidades sociais**

**Propostas de mellora e  
Plan de acción con visión  
comercial, organizativa e  
económica - financeira**

Responsabilidade social,  
impactos e xeración de  
valor

Planificación operativa e  
estratéxica

Aspectos xurídicos e  
marco legal

Creación de Redes e  
intercooperación

Tipoloxía de sesións:

- **Titorías e mentorización:** desenvolvemento de sesións individuais coas persoas emprendedoras nas que, con axuda dun titor ou titora (específico para cada proxecto) e o equipo especial de mentorización (en función das características e necesidades do proxecto), se prestará asesoramento en cuestións específicas do seu negocio, coma, por exemplo; definición do modelo/estratexia na actividade específica, tecnoloxías, procura de financiamento, desenvolvemento de produtos/servizos, marketing dixital, etc.). Onde se traballará:
  - o Unha metodoloxía para a avaliación do modelo de negocio de ES: proposta de valor social e de mercado
  - o O deseño e desenvolvemento de produto ou servizo acorde co modelo de negocio deseñado
  - o O deseño e desenvolvemento dunha estratexia de accións e melloras acorde ás necesidades do proxecto
  - o A determinación da estrutura organizativa e tecnolóxica necesarias para impulsar o proxecto. Importancia do equipo humano e aspectos sociais clave para o funcionamento da entidade
  - o Un Plan operativo e estratéxico do proxecto
  - o Aspectos xurídicos e legais das fórmulas de ES
  - o A posta en valor da dimensión da ES no modelo de negocio
  - o A comunicación e promoción do modelo de negocio deseñado
  - o As habilidades sociais e o traballo en equipo para realizar unha boa xestión empresarial

### APOIO A VÍAS DE FINANCIAMENTO

As participantes poderán coñecer diferentes vías de financiamento ás que poden acceder, principalmente , alternativas éticas e cooperativas, a través dun encontro presencial, para coñecer as diferentes fórmulas de financiamento ético e solidario, e axudas e subvencións vixentes para a Economía Social. E transversalmente terase titorización nas sesións de aceleración como apoio para establecer adecuadamente o procedemento e requisitos da



financiación necesaria e orientalos nas medidas a levar adiante para o proceso de solicitude da vía mais adecuada para o proxecto.

## 6 Anexos

### *Anexo i. Entidades da economía social de Galicia e Portugal*

**Galicia** está regulada pola Lei **6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia**. Nela defínese como economía social os conxunto de actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo entidades que perseguen ou ben o interese colectivo das persoas que a integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual.

Forman parte da economía social o seguinte conxunto de formas xurídicas:

- As sociedades cooperativas galegas
- As mutualidades
- As fundacións e as asociacións que levan a cabo actividade económica
- As sociedades laborais
- A empresas de inserción
- Os centros especiais de emprego
- As confrarías de pescadores
- As sociedades agrarias de transformación
- As comunidades e as mancomunidades de montes veciñais en man común
- As entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e os principios orientadores establecidos na lei de economía social de Galicia, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial

En Portugal o marco regulador da economía social correspóndelle á **Lei de bases de la economía social n.º 68/XII-1.ª (2013)**. Segundo esta, enténdese por economía social o **conxunto das actividades económico-sociais**, libremente levadas a cabo por un catálogo de entidades (artigo 4), entre as que se encontran as seguintes:

- As cooperativas.
- As asociacións mutualistas
- As misericordias
- As fundacións
- As institucións particulares de solidariedade social
- As asociacións con fins altruístas que actúen no ámbito cultural, recreativo, ou deportivo e o desenvolvemento local.
- As entidades recollidas polos subsectores comunitario e autoxestionado, integrados en termos da Constitución no sector cooperativo e social.

Segundo a Lei de bases de la economía social en Portugal, **as actividades deben estar destinadas a perseguir o interese xeral da sociedade**, xa sexa directamente, ou a través da consecución dos intereses do seu persoal membro, usuario ou beneficiario.

## Anexo ii. Economías/sectores emerxentes

- **Actividades da economía azul**, asociada a mares e océanos: pesca, acuicultura e transformación e comercialización; Loxística e actividades portuarias; Equipamento marítimo; enerxías renovables mariñas; actividades de turismo costeiro e marítimo (actividades deportivas, hostaleira, restauración, etc.) ; biotecnoloxía azul, innovación e desenvolvemento do coñecemento (formación, divulgación, etc.)
- **Actividades asociadas á economía verde**: proxectos de agricultura, silvicultura e gandería sostibles; circularidade e xestión de residuos; enerxías renovables; comercialización e distribución alimentaria sostible; etc.
- **Actividades asociadas á economía prateada**: servicios de atención a adultos e sanitarios; coidado das persoas; servicios sociais; etc.
- **Actividades asociadas á economía laranxa**: actividades artísticas, actividades de ocio e cultura; actividades vinculadas a turismo; etc.
- **Actividades asociadas á economía amarela**: actividades tecnolóxicas, loxísticas e industriais.

# Interreg



Cofinanciado por  
la Unión Europea  
Cofinanciado pela  
União Europeia

# Es\_factory

España - Portugal



[www.es-factory.eu](http://www.es-factory.eu)



XUNTA  
DE GALICIA



O proxecto 0259\_ES\_FACTORY\_1\_E está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027